

III – FALA UN PEIXE DA RÌA (DE C)

Un escacho talvez, de nome Berete; un becho que gasta de moita espiña e, para o meu gusto, non é nada doado de comer. O que, polo que se refire a esta historia, nin pon nin quita mérito á súa opinión.

Uns auténticos cafres, iso é o que son. Non abundaba con todas as súas artes de pesca para darnos caza, que unha cousa é o anzol e o corricán e outra moi distinta as betas e os trasmallos; xa non digo nada da animalada esa de que arrastren as redes polo fondo levando todo canto atopan cara arriba, lles valla ou non lles valla, e se é que non, como lles acontece decontino, guíndano pola borda e asunto rematado.



Non, non lles chegaba con iso senón que aínda teñen que

bombardearnos con dinamita, como se tivésemos petróleo ou fósemos doutra raza ou doutra relixión.

E logo non sentirían falar do desenvolvemento sostíbel e non saberán o que é unha xestión civilizada dos recursos? Parece mentira, como se para eles non chegase o século vinte e un. O que che dicía, uns marulos de moito coidado.

Vin aparecer trebellos ben estraños por aquí. Vin de todo. Mesmo vivín a desfeita que montou o Prestige, aquela ferralla que andou a espallar chapapote a esgalla e que case acaba con todos nós. Prefiro non pensalo; cando o recordo pónseme unha laxe no peito e aínda me arreguizan as escamas. Vinche moitas cousas nesta vida, algunha estrañísima certamente, pero isto si que tivo graza, que me quedou o sorriso a medias, sen saber se alucinar ou escachar coa risa. Mira que tirarnos enriba un coche vello! Nunca entendín moi ben as súas teimas; non me semellaron xamais ter demasiado sentido, confésoo, mais que pretenderían con iso? Buscarían quizais crear un microhábitat para poñerlle onde vivir a algunha das familias de peixiños máis desfavorecidas ou con menor capacidade adquisitiva? Tendo en conta a como se puxo o prezo da vivenda dun par de anos a esta parte, a aleta pectoral o metro cadrado, non estivo tan mal a idea. Pero... e os demais que? De que nos serve? Ou é que pensan que andan a decorarnos a paisaxe? Parece que o fondo se nos converteu nunha desas instalacións posmodernas con toda a cachifallada vella que lles sobra.

Vou co conto, que é o que supoño que che interesa. Recordo que o día do asunto, pois o de que os peixes teñamos apenas tres segundos de memoria é unha solemne parvada, estivera a enredar mentres facía a dixestión dunha nécora ben fermosa que sorprendera despistada á porta da coveira. Entretivérame mirando para un peixe sapo que andaba ao asexo agochado entre as carrouchas e para unha familia de meigas que pasara nadando a rentes do fondo cara a augas máis profundas. Puxérame pouco despois a parolar entre o verdello con dúas maragotas dos nosos asuntos: da mellor hora para apañar os nosos crustáceos favoritos; de cando desovar con máis posibilidades para que os alevíns nos vaian para arriba, medrando fortes e sans; fachendeando da cotización que acadamos na última poxa da lonxa; e de asuntos así dos que adoito falamos os peixes. Andabamos indiferentes todas as tres ao temporal que se desencadeara na superficie cando chegou o ferrancho, do que despois coñecemos, por medio dunhas xuras atrevidas que foron investigar, que se chamaba Rovertó. Levábao a corrente con tanta forza que até a min, unha auténtica sprinter, me custou traballo seguilo levado pola curiosidade para ver cara a onde ía caer; e iso que levo toda a vida adestrando a diario nestas augas para sobrevivir e fuxín con éxito ducias de veces dos arrastreiros e algunha tamén, cando me aventuro preto da superficie, dos barcos da ardora que andan ao cerco atrás de xardas, sardiñas e xurelos. O seu destino era de agardar; nada resiste á forza da gravidade e ao rozamento coa auga. Non tardou en perder velocidade e rematar o pobre do trebello alá abaixo, nun leito de area a case corenta metros, no fondo da ría de C, un lugar

inhospito e escuro onde a luz apenas é quen de tradear a
negrume e tan só se achegan as estrelas.